



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o día 11 de Febreiro de 2023 na aula de conferencias da Casa da Cultura de Vimianzo (A Coruña) para trataren a seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Indemnizacións por desprazamentos.
2. Axudas embarcación fondeada.
3. Auditoría 2021.
4. Asemblea FEPyC.
5. Informe de Contas e memoria deportiva 2022.
6. Calendario 2023.
7. Nomeamento Representante.
8. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 11:45 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- O Presidente fai balance sobre as indemnizacións por desprazamentos a deportistas con vehículo propio feitas ata agora nas competicións Nacionais. Tras debate entre os asistentes, a Xunta Directiva aproba crear a seguinte táboa de indemnizacións a partir do ano 2023:

Traxectos ida e volta:

Entre 400 e 500 Km	50.- €
Entre 501 e 600 km	60.- €
Entre 601 e 700 Km	70.- €
Entre 701 e 800 Km	80.- €
Entre 801 e 900 Km	90.- €
Entre 901 e 1.000 km	100.- €
Entre 1.001 e 1.100 Km	110.- €
Entre 1.101 e 1.200 km	120.- €
Entre 1.201 e 1.300 Km	130.- €
Entre 1.301 e 1.400 Km	140.- €
Entre 1.401 e 1.500 Km	150.- €
Entre 1.501 e 1.600 Km	160.- €
Entre 1.601 e 1.700 Km	170.- €
Entre 1.701 e 1.800 Km	180.- €
Entre 1.801 e 1.900 Km	190.- €
Entre 1.901 e 2.000 Km	200.- €
Entre 2.001 e 2.100 Km	210.- €

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Juan Ramiro Agra Requeijo

Pte. Comité Salmónidos

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Pte. Comité Mar Rocha e

Embarcación fondeada

D. Manuel Rodríguez Meira

Vicepresidente primeiro

D. Alejandro Pérez Trebolle

Delegado Lugo

D. Antonio Cortés Araujo

Delegado Ourense

D. Benigno Fco. Rodríguez Bejarano

Pte. Comité Corcheo Mar

D. Víctor Ferreiro Fariña

Delegado Pontevedra

Pte. Comité Spinning Mar Costa

D. Manuel Campos Cruz

Subdelegado Pontevedra

Pte. Comité Mar Costa

D. Jose A. L. Pardo Martin

Pte. Comité de Xuíces

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario



Entre 2.101 e 2.200 Km 220.- €
Entre 2.201 e 2.300 Km 230.- €
Entre 2.301 e 2.400 Km 240.- €
Entre 2.401 e 2.500 Km ou máis 250.- €

2.- Axudas embarcación fondeada. O Presidente propón subir a 150€ as axudas ás embarcacións que colaboran coa FGPeC nas competicións de Embarcación Fondeada. A inscrición dos deportistas nesta modalidade pasaría a custar 50€ (25€ por deportista e 25€ polo cebo). Non habendo obxeccións queda aprobado por unanimidade e pendente de debate en Asemblea Xeral Ordinaria.

3.- Auditoría 2021. O Presidente informa sobre a última auditoría realizada a FGPeC.

4.- Asemblea FEPyC . O Presidente informa aos presente sobre o acontecido na derradeira Asemblea da Federación Española de Pesca y Casting celebrada o pasado 28 de Xaneiro de 2023.

5.- Informe de Contas e Memoria Deportiva 2022. O Presidente presenta as contas 2022 e a memoria deportiva que serán levadas a Asemblea Xeral para a súa aprobación.

6.- Calendario 2023. O Presidente informa sobre as modificacións feitas no calendario deportivo 2023 previsto debido a problemas de loxística, reserva de permisos de pesca e coincidencias con datas do calendario deportivo 2023 da Federación Española de Pesca y Casting.

7.- Nomeamento de Representante. Apróbase por unanimidade nomear a Manuel Mouzo Mendez coma representante da FGPeC nos vindeiros trámites coa Deputación de A Coruña.

8.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 12:50h.
Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente